



Proposta de resolución provisional da VI convocatoria para a avaliación e o recoñecemento de grupos de innovación docente (GID) da Universidade da Coruña (UDC)

Ao amparo da normativa de avaliación e recoñecemento de GID¹, o 16 de xullo de 2024 publicouse na Sede Electrónica da UDC a VI convocatoria para a avaliación e o recoñecemento dos GID da UDC². Segundo establece o apartado 7 da convocatoria, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas segundo os termos da convocatoria, a Comisión Asesora de Innovación Docente (CAID) emitiu unha valoración de acordo coas directrices de avaliación establecidas na normativa de GID e os criterios indicados no Anexo I da convocatoria.

Unha vez finalizado o proceso de avaliación das solicitudes a CAID acorda:

1. Proponer a resolución provisional da convocatoria. No Anexo I inclúese a relación de todas as solicitudes avaliadas. Para cada solicitude indícase a persoa que coordina o GID e o resultado da avaliación nos termos especificados no apartado 7 da convocatoria.
2. Publicar esta proposta de resolución provisional na Sede Electrónica da UDC.
3. Enviar a puntuación obtida en cada apartado ás persoas coordinadoras daqueles GID que non acadaran a valoración de “GID consolidado”.

Contra esta resolución poderase presentar unha reclamación ante a persoa que preside a CAID no prazo de **dez días hábiles**, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na Sede Electrónica da UDC. **A dita reclamación presentárase exclusivamente a través do Rexistro Electrónico³ da Sede electrónica da UDC. No formulario do rexistro electrónico, no campo “destinado a” débense seleccionar “servizos” e “CUFIE”.**

A Coruña, na data da sinatura dixital.

José Antonio García Naya

Presidente da CAID

¹ https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2023/011165

² https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2024/004416

³ https://sede.udc.gal/services/telematic_register

Código Seguro De Verificación	xLQrH3zpri09Xt+3oZG6pQ==		
Asinado Por	José Antonio García Naya	Estado	Data e hora
Observacións		Asinado	03/02/2025 08:32:38
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xLQrH3zpri09Xt+3oZG6pQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Anexo I. Relación de solicitudes avaliadas e resultado da avaliación

ID	Acrónimo	Nome	Persoa coordinadora	Resultado ¹
1	PNCA	Práctica Narrativa en Contextos de Aprendizaxe	Nuria Esther Varela Feal	GID consolidado
2	INSPIRE	Integrating Novel Strategies for Promoting Innovative Research in Education	Roberto Javier Brea Fernández	GID consolidado
3	DOINMATE	DOcencia INnovadora en MATemáticas para la Economía y la Empresa	José Antonio Seijas Macías	GID consolidado
4	InBioCel	Grupo de Innovación Docente de Biología Celular	María Luz Díaz Prado	GID en vías de consolidación
5	i_docencia e.0	Innovación Docente en Enxeñaría	Ana Isabel García Diez	GID consolidado
6	Tech4Learn	Tecnoloxía para a Aprendizaxe	Daniel Rivero Cebrián	GID consolidado
7	IDAE	Innovación Docente en Análisis Estructural	Ruth María Gutiérrez Fernández	GID consolidado
8	ECO-LAB	Economía y Derecho del Trabajo	María Asunción López Arranz	GID consolidado
9	Innovabuque	Innovación docente en buques	María Isabel Lamas Galdo	GID consolidado

1: Segundo se indica no apartado 7 da convocatoria:

- GID consolidado: puntuación de cando menos 50 puntos.
- GID en vías de consolidación: puntuación de cando menos 30 puntos e inferior a 50 puntos.
- GID desestimado: puntuación inferior a 30 puntos.

Código Seguro De Verificación	xLQrH3zpri09Xt+3oZG6pQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	José Antonio García Naya	Asinado	03/02/2025 08:32:38
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/xLQrH3zpri09Xt+3oZG6pQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

